

2025/G001/012050

DECRETO

Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.

Visto o Decreto número 10280/2025, do 4 de novembro de 2025, de organización municipal.

Visto, así mesmo, o Decreto 11458/2025, do 5 de decembro de 2025.

Esta Alcaldía en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Modificar o Decreto 10280/2025, do 4 de novembro de 2025, no sentido de que as competencias de carácter específico que se inclúen na Concellería de Cohesión Territorial, recuperaraas o titular da Área da Alcaldía e Transición Ecolóxica e Cohesión Territorial, na que se atopa encadrada, en tanto non se proceda a un novo nomeamento.

SEGUNDO.- Darlle traslado desta modificación ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.